



Concello de Vigo

YOLANDA AGUIAR CASTRO, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 16 de decembro de 2022**, adoptou o seguinte acordo:

18.- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE “SUBVENCÍONS PARA O DESENVOLVEMENTO DE FESTAS TRADICIONAIS, PATRONAIS, GASTRONÓMICAS E ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS PERÍODO 2021-2022”. Expte. 9195/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 13/12/2022 e o informe de fiscalización do 14/12/2022, dáse conta do informe-proposta de data 12/12/22, asinado pola xefa do Servizo de Festas e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

Con data 09 de junio de 2022 apróbase pola Xunta de Goberno Local as bases reguladoras, convocatoria e extracto de subvencións para o desenvolvemento de Festas Tradicionais, Patronais, Gastronómicas e Actividades Socioculturais período 2021 - 2022 (expte. 9195/335). A cantidade destinada á presente convocatoria ascende a 390.000 € con cargo a partida 3380.489.0000 do programa de Festas para o vixente exercicio.

Con data, 17 de xuño de 2022 foron publicadas no BOPPO as bases reguladoras da concesión das subvencións do servizo de Festas para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades Socioculturais período 2021-2022. O prazo de presentación de solicitudes foi de 15 días hábiles, que comezou ao día seguinte da publicación do extracto no BOPPO, (20 de xullo de 2022) sendo o inicio o 21 de xullo e o remate o 11 de agosto de 2022, ambos os dous incluídos.

A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas foi levado a cabo polo servizo de Festas, que unha vez revisadas as solicitudes e de acordo co estipulado na base oitava (instrución) solicitaron aos/as interesados/as para que nun prazo de dez días, completaran a documentación ou os defectos materiais e formais e achegaran os documentos perceptivos.

Unha vez rematada a instrución do expediente, foi remitido á Comisión de Avaliación que se reúne ás 08:00 horas do día 9 de novembro de 2022 na planta primeira do Concello de Vigo, e que está integrada polo Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas, D. Pablo Luis Estévez Rodríguez que actúa como presidente; e por Dna. M. Cristina Chao Polo Xefa do Servizo de Festas como vogal e Antía Mosquera González como secretario.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 16:20	Páxina 1 de 5
SUBVENCIONS	CSV: ABAD56-B3A342-ABC124-4CHDAZ-ZNM6PA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Achégase neste expediente a acta da antedita Comisión de Avaliación asinada con data 9 de novembro que leva anexa a folia de cálculo co detalle das puntuacións e dos importes concedidos recollidos nos informes individuais de cada expediente de solicitude realizados pola Xefa do Servizo de Festas, e posteriormente revisados pola Comisión de Avaliación.

Faise constar que, de acordo co establecido no artigo 21.4 da Lei de Subvencións de Galicia, da información que obra en poder do órgano de instrutor despréndese que todos os beneficiarios cumpren cos requisitos necesarios para acceder a subvención.

Dado o atraso producido na tramitación e posterior aprobación da resolución de concesión das presentes bases de subvencións para o desenvolvemento de festas tradicionais, patronais, gastronómicas e actividades socioculturais, período 2021-2022 (expte. 9195/335), é necesario ampliar o prazo de xustificación das achegas ás entidades solicitantes, respectando sempre o prazo establecido na Bases de Execución do Orzamento Xeral do ano 2022 e as Normas de peche do exercicio orzamentario 2022. Tal ampliación propónse respectando o requisito establecido polo Plan Estratéxico Municipal do Concello de Vigo para os anos 2021-2023, que esixe que o prazo de xustificación das subvencións que se estableza sexa dentro do exercicio económico e non poña en perigo o cumprimento dos prazos de peche do exercicio. Entendendo pois que se cumpren ditos requisitos, propónse o prazo de xustificación da presente subvención ata o 30 de novembro de 2022 (incluído).

Á vista do exposto, e de acordo co establecido na base oitava, punto 5 das bases, previo informe da Intervención de Fondos e coa conformidade do concelleiro de Participación Cidadá e Festas faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

PRIMEIRO: Que se resolva a convocatoria de subvencións para o desenvolvemento de Festas Tradicionais, Patronais, Gastronómicas e actividades socioculturais, período 2021 – 2022 (expte. 9195/335) de acordo coa acta de Comisión de Avaliación de data 9 de novembro de 2022 por un importe total de **293.183,89 €** con cargo á aplicación **3380.489.0000** do programa de Festas para o vixente exercicio, a favor das entidades que se relacionan a continuación polos conceptos e cantidades indicados en cada caso:

Liña 1.- Festas tradicionais, patronais, gastronómicas e festivais folclóricos

Expte	Entidade	CIF	Programa	importe subv.
F				
ESTAS TRADICIONAIS E PATRONAIS 1.2. (A) Festas patronais en barrios e parroquias. Asignación fixa 18.000 €				
9325-335	Asoc. Comisión Fiestas Virgen de los Afligidos	G36790228	Festas Patronais da Virxe dos Afligidos	18.000,00 €
9363-335	Asociación Irmandade de Santa Ana Beade	G36648095	Festas Patronais na honra de Santa Ana	18.000,00 €
9367-335	Asoc. Irmandade Festas Patronais de Candeán	G36757003	Festas Patronais de Candeán	18.000,00 €
9394-335	Asoc. Irmandade Nosa Sra. das Neves-Matamá	G36954162	Festas Patronais Nosa Sra. das Neves	18.000,00 €
9399-335	Irmandade de San Campio	G36840940	Festas Patronais San Campio	18.000,00 €
9481-335	Asoc.Cultural Hermandad Fiestas Dolores	G36846921	Festas das Dors de Cabral	18.000,00 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 16:20	Páxina 2 de 5
SUBVENCIONS	CSV: ABAD56-B3A342-ABC124-4CHDAZ-ZNM6PA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

FESTAS TRADICIONAIS E PATRONAIS 1.2. (B) Festas patronais en barrios e parroquias. Asignación fixa 12.000 €

9310-335	Asoc. Cult. Hdad Fiestas Sta Marina-Cabral	G36837425	Festas Patronais Sta Mariña – Cabral	12.000,00 €
9338-335	Hermanidad de Devotos de San Roque	G36763225	Romaria de San Roque	12.000,00 €
9366-335	Asociación Fiestas de San Lorenzo	G36401688	Festas de San Lorenzo	12.000,00 €
9405-335	Hermanidad de Fiestas Patronales San Blas e Santiago de Bembrive	G36705036	Festas Santiago Apostol	12.000,00 €
9409-335	Asociación Festa dos Liñares	G27784230	Festas en Honor da Virxe dos Liñares	12.000,00 €

FESTAS TRADICIONAIS E PATRONAIS 1.2. (C) Festas patronais en barrios e parroquias. Asignación fixa 4.000 €

9306-335	Asociación Cultural de Beiran	G27818905	Festas patronais Nosa Sra. Da Soidade	4.000,00 €
9337-335	Asociación Comisión de Festas dos Ramallos	G36878395	Romaria de San Cipriano e San Cornelio	4.000,00 €
9360-335	Asoc. Festas a Paloma da Garrida- Valladares	G36962389	Verbena da Pomba	4.000,00 €
9398-335	Comi. de Festas Nosa Sra. das Neves a Guia	G36731404	Festas da Guia	4.000,00 €

FESTAS TRADICIONAIS E PATRONAIS 1.3. Festas gastronómicas de especial interese en barrios e parroquias. Asignación fixa 4.000 €

9321-335	A. V. del Barrio de la Feria de Cabral	G36729796	XXII Festa do Xurelo	4.000,00 €
9324-335	Centro Recreativo y Cultural de Cabral – Vigo	V36658680	XXXIV Romeria do Pan de Millo	4.000,00 €
9407-335	AVCU-CSCR de Beade	G36632081	XXXV Festa da Cereixa	4.000,00 €

FESTAS TRADICIONAIS E PATRONAIS 1.4. Festivais Internacionais cunha antigüidade de máis de 25 anos. Asignación fixa 4.000 €

9361-335	Centro Recreativo Artíst. e Cultural de Coruxo	G36627495	Festival Folclórico Internacional	4.000,00 €
----------	--	-----------	-----------------------------------	------------

TOTAL Liña 1

200.000,00 €

Liña 2: Actividades Socioculturais relacionadas coas artes escénicas

Expte	Entidade	CIF	Programa	importe subv.
9307-335	Centro Cultural Veciñal e Deportivo Vigo Centro	G27762434	Encontro de Teatro	2,406.76 €
9308-335	Agrup. Centros Culturais do Concello de Vigo	G36791291	Encontro Folclórico	4,078.11 €
9309-335	Asociación Veciñal Emilio Crespo de Navia	G36648608	Noite de San Xoán	535.37 €
9317-335	Asociación Cultural e Deportiva Val do Fragoso	G36640860	Noite de San Xoan	600.00 €
9320-335	Asoc. Veciñal Cultural e Deportiva de Sampaio	G36648103	Festa de San Xoan	647.00 €
9322-335	Asoc. de Veciños Monte da Mina de Castrelos	G36623593	Festa da Convivencia	1,957.81 €
9324-335	Centro Recreativo y Cultural de Cabral –Vigo	V36658680	VIII Festa Infantil	1,697.99 €
9326-335	Asoc. de Veciños Nosa Terra de Alcabre	G36649374	Fogueira de San Xoán	3,543.28 €
9328-335	Asociación Veciños Praza da Miñooca	G36842284	Festa de San Xoan – Chourizada 2022	3,075.30 €
9329-335	Asociación de Cultura e Festas de Castrelos	G36717973	Festa das Candelas e San Brais	1,500.00 €
9330-335	Asociación Cultural e Deportiva Xestas	G36628543	Festa de San Xoán	835.80 €
9333-335	Asoc. Veciñal Cultura e Deportiva de Cabral	G36651073	Fogueira de San Xoán XXXII Festa do Socio	1,000.00 € 2,000.00 €
9336-335	Asoc. Cult. e deportiva San Xurxo de Saiáns	G36648988	XXXV Festa da Amizade	1,300.00 €
9339-335	Asoc. V. San Pedro de Sardoma O Carballo	G36649325	Nadal dos Nenos, Festival de Música e Maxia Festas Tradicionais – Magosto e Entroido	943.50 € 943.50 €
9361-335	Centro Recreativo Artístico e Cultural de Coruxo	G36627495	Enterro do Castrón (Entroido)	855.00 €
9362-335	Ateneo Musical de Bembrive	G36784197	I Festival de Verán Audicións día da Música 2022	3,342.72 € 1,425.00 €
9389-335	Asociación Veciñal Socio-Cultural e Deportiva de San Miguel de Oia	G36648640	Festas da Música e letras Festa Gastronómica	851.78 € 423.19 €
9390-335	Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello	G36645885	Festa Dramatizada do Maios Festa Tradicional do Samain	1,730.00 € 1,773.00 €
9391-335	Asoc. Veciños San Pedro de Matamá la Unión	G36654036	Festa de San Xoán	1,800.00 €



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/07/2024 16:20

Páxina 3 de 5

SUBVENCIONS

CSV: ABAD56-B3A342-ABC124-4CHDAZ-ZNM6PA-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Expte	Entidade	CIF	Programa	importe subv.
			Festival Folclórico San Amaro	2,325.00 €
9392-335	Asociación Cultural "Xarabal"	G36884864	Festival Xarabal	2,250.00 €
			Magosto Popular	1,500.00 €
9393-335	asociación Coral Polifónica Anduriña	G36898708	XV Festi. Inter. Canto Coral y Habaneras	2,010.98 €
9395-335	Sociedad Cultural e Deportiva Atlántida de Matamá	G36620854	Festifolc 2021	3,525.00 €
			Samain Atlántida 2022	1,950.00 €
9396-335	Unión Veciñal Cultural e Deportiva de Candeán	G36863348	Festas Tradicionais	1,500.00 €
			X Concurso Canto e Percusión Tradic. Traspés	2,500.00 €
9401-335	Asociación Cultural Traspés	G27739861	XII Serán Traspés	1,250.00 €
			Monográfico: O baile Sisamo	500.00 €
			Festa fin de curso Traspés	500.00 €
9403-335	Asoc. Cultural Abella Producións	G27877703	Pequefreak 2022	3,075.30 €
9404-335	Asociación de Pandereteiras Urdime	G27797448	Encontro de Pandereteiras 2022	800.00 €
9406-335	Asociación Cultural As da Industria	G27852755	San Xoán – Magosto	2,112.09 €
			Son da Industria – Día das Letras Galegas	2,607.32 €
9407-335	AVCU-CSCR de Beade	G36632081	Festival Folclórico	833.25 €
			Beade Dinámica	4,288.57 €
9408-335	Asoc. de Mexicanos en Galicia Chichenitza	G01905538	Alfombra Día de los Muertos	928.13 €
			Fiestas Patrias y posadas	862.52 €
9410-335	Asociación Veciños de Parada-Maceiriña	G36655942	Serán Popular	2,674.17 €
			Magosto Popular	1,500.00 €
9411-335	Asociación de Veciños Novo Vigo	G27771195	Ollie Navia	635.70 €
			Noite de San Xoan	1,083.45 €
9412-335	Asociación Folclórica O Fiadeiro	G36812204	III Festival de Baile Moderno O Fiadeiro	1,800.00 €
			XVIII Certame de Humor	1,500.00 €
9413-335	Centro Cultural Artístico e Recreativo de Valladares	G36617082	Celebrando a cultura e as letras Galegas	2,000.00 €
			XXXI Certame de Rondallas de Valladares	1,200.00 €
			XVIII Serán de Valladares	1,300.00 €
9415-335	Asociación Cultural Galicia Fiddle	G94084456	Micro-Concertos Galicia Fiddle	2,607.32 €
9442-335	Asoc. Cult. Recreativa S. Mamede de Zamáns	G36691855	Festa do Socio	2,300.00 €
TOTAL				93,183.89 €

SEGUNDO: Á exclusión das solicitudes ás que se refiren a base novena das Bases reguladoras, sendo a relación de solicitudes desestimadas a seguinte:

EXPTE	NOME DA ENTIDADE	CIF	CAUSA DA DESESTIMACIÓN
9327-335	The Wild	G27867076	Incumpre as bases 9,2, f
9323-335	Club Montañeiro Celtas	G36637890	Incumpre as bases 9,1 b
9414-335	Asoc. Edan Center-Asoc. Socio Cult. Depot.	G27796341	Incumpre as bases 9,1 b, f
9400-335	Irmandade Nosa Sra. Da Alba e S. Bartolomeu	G36887933	Incumpre a base 5,1
9477-335	Soc. Cult. Festas da Consolación de Coia	G36633030	Incumpre as bases 9,2,a



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/07/2024 16:20

Páxina 4 de 5

SUBVENCIONS

CSV: ABAD56-B3A342-ABC124-4CHDAZ-ZNM6PA-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

TERCEIRO: No período de instrución houbo dúas renuncias das entidades solicitantes da subvención.

EXPTE	NOME DA ENTIDADE	CIF	CAUSA DA DESESTIMACIÓN
9402-335	Movimiento Cidadá O Noso Barrio	G36784296	renuncia
9332-335	Asociación Vel Vigo Entre Letras	G10861235	renuncia

CUARTO: Ampliar o prazo de xustificación das achegas ás entidades solicitantes consonte o establecido polo art. 70.3 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, para que no prazo improrrogable de 15 días as entidades que non o fixeran acheguen a correspondente xustificación.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/me.

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 16:20	Páxina 5 de 5
SUBVENCIONS	CSV: ABAD56-B3A342-ABC124-4CHDAZ-ZNM6PA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		